

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 07.01.2019

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.04 h do 07.01.2019, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Non asiste o concelleiro Antón Lois Noceda Carballo, escusa por enfermidade.

Secretario en réxime de acumulación:

Manuel Larrosa Rodríguez

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, da Proposta de aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio 2019 xunto cos documentos que o integran**

Consta no expediente a Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Dinamización Económica do 02.01.2019 por 4 votos a favor, (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Somos Fene), 3 votos en contra (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal) e 1 abstención do grupo municipal Socialista:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDIA**

### **PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE FENE PARA O EXERCICIO 2019.**

Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2018, formado polo Orzamento do Concello, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo tanto funcionario coma laboral, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido do informe de Intervención de 20 de decembro de 2018.

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regla de Gasto de data de 26 de decembro de 2018.

#### **Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Fene para o exercicio económico 2019 xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS.: 11.800.000,00 €  
ORZAMENTO DE GASTOS: 11.800.000,00 €

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

**TERCEIRO.** Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira para o exercizo 2019 de acordo cos cálculos da regra de gasto :

<b>TEITO DE GASTO COMPUTABLE FINAL:</b>	<b>= 12.162.843,54 € €</b>
---	----------------------------

**CUARTO.** Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.260.542,74 euros.

**QUINTO.** Aprobar as Bases de Execución ou Adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade

**SEXTO.** Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2019, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**SÉPTIMO.** Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

**OITAVO.** Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma.

Asinando dixitalmente en Fene polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal, na data da marxe”.

A Concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, toma a palabra para explicar o único punto da orde do día sobre proposta da aprobación do orzamento de 2019. Explica que con esta proposta tratase de cubrir o funcionamento normal do Concello con todos os seus gastos para o mantemento dos servizos do Concello; de garantir o equilibrio económico; incrementar a eficacia da administración dando un impulso a administración electrónica e ao área de recadación; garantir o investimento social incrementando as axudas no fogar; manter o importe de promoción económica e emprego; impulsar o desenvolvemento da oferta de emprego público dos postos pendentes.

A Concelleira define o orzamento proposto como prudente, nos seus ingresos, entendendo que posiblemente os ingresos ata final de ano sexan superiores. Destaca entre as inversións previstas o aumento no Cemiterio, a adquisición dos terreos para a implantación dos depositos da auga de Magalofes, o alumbrado público que vai dende o campo de fútbol dos Pinares ata a rúa que vai a Mundin e a inclusión da partida específica para poñer en marcha o funcionamento do punto limpo.

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, explica que o día 19 de decembro tiveron unha primeira reunión con goberno con motivo dos orzamentos do 2019 sinalando que o día 27 tiñan unha segunda reunión a cal non asistiron os membros do goberno, o cal daba a entender o grupo BNG que non existía vontade de negociar os orzamentos e de facer aportacións. Sinala que neste orzamento a participación doutros grupos políticos da oposición e de participación cidadá e nula co cal non poden apoiar a proposta de aprobación. Comenta que analizando esta proposta a conclusión a que chegan e a privatización de servizos no estado de gastos e unha irresponsabilidade institucional no estado de ingresos, poñendo o exemplo de que nos ingresos non se contempla o cobro da taxa do EDAR que si figuraba no do ano 2016 e que o grupo Popular aprobou no 2014. No apartado de gastos, a maior partida ven dada por gastos correntes e servizos, o que da conta da privatización dos servizos no Concello. En relación a memoria da alcaldía, remarca que presenta erros que ao seu parecer veñen dados polas presas na presentación do mesmo, poñendo como exemplo que se remarcan 5 puntos esenciais para o funcionamento do Concello e na memoria aparecen redactados 6 puntos. Sendo o punto olvidado o de fomento do emprego que non aparece consignado con importe nos orzamentos,

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*

sendo un apartado básico baixo o punto de vista do BNG. Tamén votan en falla, a adquisición dun vehículo de recollida de lixo; a necesidade de aumentar as partidas de subvencións por concurrencia competitiva; observa que se minoran as partidas de emerxencia social e que se aumentan as subvencións a entidades que prestan o mesmo servizo o que parece indicar que a intención é privatizar o servizo.

O Concelleiro do Partido Socialista, Joaquín Julián Ayala, toma a palabra para comunicar que bota en falta algunha reunión para consensuar os orzamentos e poder propoñer ou introducir aspectos que ao parecer do seu grupo son importantes. Despois do análise do orzamento, e comparado co orzamento anterior, vemos que o incremento non se ve reflexado por igual en todas as áreas, sendo as áreas de benestar social e igualdade e de educación en maior medida. Botando en falta unha partida destinada a aluguer social que era unhas das premisas do Grupo Socialista; en relación ao bonobus ao seu parecer e insuficiente, e deberíase destinar tamén ao desprazamento a outros campus universitarios e non só ao da Coruña. No caso de axudas as familias para comedores escolares tamén é inexistente; non se observa aumento as subvencións nominativas a entidades que fan labores esenciais como Caritas, Aspaneps ou Fundación Amigos de Galicia.

O Concelleiro aclara que non poden apoiar este orzamentos, ao non existir unha transferencia ou aumento nas áreas de Benestar Social e Igualdade, Cultura, Educación e Fomento do Emprego como áreas sensibles.

A Voceira do Grupo Mixto, M<sup>a</sup> del Carmen Martínez, en primeiro lugar fai referencia a inexistencia das reunións previas para consensuar o orzamento, e que nunha das reunións marcadas a cal o grupo de goberno non asistiu as explicacións da non asistencia non son creíbles para esta voceira, co cal aclara que non existe vontade na elaboración do orzamento cos demais grupos políticos e coas entidades sociais. Aclara que no orzamento falta unha proposta de plan de emprego; non están de acordo de como se levan as subvencións a entidades municipais; non observan partidas para inversións importantes polo que non van a apoiar os orzamentos presentados.

A Concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, toma a palabra para dar resposta ás alusións feitas na intervencións anteriores en relación ás axudas de emerxencia social dicindo que o Partido Popular na lexislatura 11-15 aumentou as axudas de emerxencia social en 50.000 euros debido ás necesidades que se percibían nese momento; esta cantidade co cambio de goberno non se aumentou nos seguintes presupostos e non chegou a gastarse na súa totalidade, co que o goberno actual despois de analizar os anos anteriores decidiu baixar a cantidade de 50.000 a 45.000 euros. En relación ao Bonobus para facela chegar a outros estudantes, xa se estudiou co técnico fai uns anos pero non era viable e non a solicitaban; sendo a solución unha negociación directa coa empresa que presta o transporte. En relación ao aluguer social é un tema interesante, no que teríase que plasmar nunha ordenanza local que o regulase de forma axeitada.

A Concelleira resposta ao Voceiro do BNG, que no tema da participación da veciñanza na elaboración dos orzamentos, que no período 15-18 no que gobernaba o BNG non houbo ningunha participación veciñal na elaboración dos orzamentos do ano 15, e na proposta que presentou no ano 16. En relación a taxa do EDAR, para poder recaudar por este concepto primeiro teríase que desenvolver a ordenanza que o regule e durante o período 15-18 no que estivo no goberno non desenvolveu a citada ordenanza. Recórdarlle que a recaudación das plusvalías por mortis-causa están paradas dende o ano 16 e as inter-vivos dende o ano 17, anos nos que gobernaba este Concello. En relación a privatización de servizos recordalle que o BNG, que no seu momento privatizou o Servizo de Recadación deste Concello durante 2 anos, e dende o ano 2007 privatizouse a limpeza dos colexios e o Servizo de Axuda no Fogar sen acudir a ningún tipo de contratación. A Concelleira dirixese o grupo BNG para que faiga alusión no seu turno dalgún servizo que se privatizara no Concello co goberno do Partido Popular. Explica en relación aos soldos e salarios dos traballadores que está previsto un fondo de continxencia, para cubrir a posible subida e que ten límites normativos, dicindo que se vai retomar a aportación aos plans de pensións que estaban paralizadas. En canto a adquisición dun novo camión do lixo, a Concelleira indícalle o voceiro do BNG, que esperan cubrir esa compra co remanente de tesorería que se espera.

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, toma a palabra aludindo as faltas de respecto da Concelleira do Partido Popular na súa intervención e decíndolle que na longa exposición que acaba de facer pouco

falou do orzamento que intenta defender e sí moito do que fixeron e non fixeron os anteriores gobernos do Concello;

O voceiro do Partido Socialista, Joaquín Julián Ayala, solicita que non se falle o respecto no desenrolo dos plenos e que todos se centren en debatir as propostas. Fai alusión en relación ao Bonobus que si existe vontade política poderíase buscar unha solución de axudas para transporte para estudantes de outros Campus de Galicia e non só o da Coruña. No canto do bono de aluguer social, no seu momento chegouse coas técnicas municipais a un borrador para consensuar cos grupos municipais e que non chegou a plasmarse ao ter que saír do goberno.

O voceiro de Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez, tras confirmar o seu apoio aos orzamentos en resposta ás alusións do voceiro do BNG esíxelle máis respecto nas súas intervencións.

A voceira do Grupo Mixto municipal, M<sup>a</sup> Carmen Martínez, indicalle a Concelleira de Facenda, que non dixo en relación a emerxencia social, que botaran en falta un incremento, senon que non estaban de acordo coa rebaixa que se fixo. Fai referencia a que ao pleno xa hai que traer o orzamento consensuado que non se ven a debatilo, para iso están as comisións. Tamén asegura que o orzamento non está consensuado co socio de goberno do Partido Popular, Somos Fene.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 9 votos a favor (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene) e 7 votos en contra (4 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Fene para o exercicio económico 2019 xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:**

**ORZAMENTO DE INGRESOS: 11.800.000,00 €**

**ORZAMENTO DE GASTOS: 11.800.000,00 €**

**SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.**

**TERCEIRO. Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira para o exercizo 2019 de acordo cos cálculos da regra de gasto :**

<b>TEITO DE GASTO COMPUTABLE FINAL:</b>	<b>= 12.162.843,54 €</b>
---	--------------------------

**CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.260.542,74 euros.**

**QUINTO. Aprobar as Bases de Execución ou Adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade**

**SEXTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2019, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.**

**SÉPTIMO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.**

**OITAVO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma.**



Dilixencia: acta aprobada na sesión ordinaria do 02.05.2019  
A secretaria  
Estefanía Manteiga Lamas

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.09 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo secretario en réxime de acumulación Manuel Larrosa Rodríguez e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.

C.I.F.: P-1503600-G